

Estimadas familias:

Informámosvos que, pola *Orde do 6 de novembro de 2020*, publicada no DOGA núm. 230 do venres, 13 de novembro de 2020, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, distribuirá máscaras entre o alumnado matriculado en Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Ed. Especial no curso 2020/21 que cumpla os seguintes requisitos:

a) Non ten que presentar solicitude:

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar neste curso.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar neste curso e que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en Educación Especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Presentación da solicitude:

- Prazo: **desde o 17 ao 27 de novembro** do 2020.
- Presentarase presencialmente na Secretaría do centro escolar onde estea matriculado o alumno.
- Documentación:
 - ANEXO I
 - ANEXO II
 - Copia do Libro de Familia ou equivalente

Para a aclaración de determinadas situacións familiares deberase entregar outros documentos como os especificados no arquivo adxunto da orde ou na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

A Dirección